



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR (FUNDACIÓN CETMAR) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO MEDIANTE O FORTALECEMENTO DOS MECANISMOS DE COMERCIALIZACIÓN E PROPOSTAS DE TURISMO SOSTIBLE COMO ESTRATEXIA DE DIVERSIFICACIÓN DA PESCA ARTESANAL NA PROVINCIA DE PIURA NO PERÚ"

(1) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmárcase no establecido na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. O artigo 85 da citada Lei enuncia entre as prioridades da Cooperación Galega, a agricultura, a pesca e acuicultura sustentables con enfoque de soberanía alimentaria.

Tamén que o V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026 establece como Ámbito Estratéxico 2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables cun enfoque de soberanía alimentaria, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida, para o cal o Plan anual 2024 prevé dar continuidade á cooperación de carácter técnico en materia de pesca e acuicultura coa Fundación CETMAR.

(2) Antecedentes: A Fundación CETMAR é unha fundación pública de interese galego con máis de 20 anos de experiencia e que ten entre os seus obxectivos colaborar no desenvolvemento do sector da pesca e acuicultura, executando proxectos pesqueiros e acuícolas cun enfoque de cooperación para o desenvolvemento e soberanía alimentaria.



Con esta entidade se asinan convenios de colaboración anuais para a posta en marcha de proxectos de asistencia técnica en materia de pesca e acuicultura, un dos sectores de especialización da Cooperación Galega, onde se pode aportar un maior valor engadido pola experiencia de institucións como o CETMAR.

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á colaboración co CETMAR en apoio ao sector pesqueiro e acuícola en Perú, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024. Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas desde o día 1 de xaneiro de 2024, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

(4) O convenio ten por **obxecto** establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación CETMAR no proxecto denominado "Adaptación ao cambio climático mediante o fortalecemento dos mecanismos de comercialización e propostas de turismo sostible como estratexia de diversificación da pesca artesanal na provincia de Piura no Perú".

O proxecto ten como obxectivo contribuír á adaptación ao cambio climático asegurando a sustentabilidade social de diferentes colectivos de produtores e agrupacións de mulleres desde a xeración de estratexias de diversificación pesqueira.

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de asistencia técnica en apoio ao fortalecemento do sector pesqueiro nos países socios realizadas pola Fundación CETMAR, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a necesidade da súa posta en marcha, así como a natureza específica da entidade destinataria, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da



subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público e maila natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de setenta e cinco mil euros (75.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 35.07.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

